



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

RESOLUCION DA ALCALDÍA

ASUNTO: Nomeamento de Tenentes de Alcalde

Resultando que trala nova elección de Alcalde, logo da renuncia do anterior, D. Jesús Vázquez Almuíña, por causa da súa designación como Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e ao abeiro das facultades que lle veñen conferidas a esta Alcaldía-Presidencia, polo art.23.3 da Lei 7/85 de bases do Réxime Local, artigo 62 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, art.46 do R.D.2568/1986, e demais normativa concordante, **RESOLVO**

Primero.- Nomear Tenentes de Alcalde ós seguintes concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde, Dna. María Iglesias Fernández
Segundo Tenente de Alcalde, Dna. Ana Simóns Sánchez.

Segundo.- Ás Tenentes de Alcalde correspóndelles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e polo orden do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

Terceiro.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, notificándose ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma deste.

Baiona, 28 de outubro de 2015
O ALCALDE

Angel Rodal Almuíña

